



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE
Xefatura Territorial da Vicepresidencia e
Consellería de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Avda. da Habana, 79 - 2º
32872 OURENSE

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE OURENSE
OURENSE

Data 28/04/2016 09:29:17

SAÍDA 8136 / RX 587114



Laura Quintas Lorenzo
Federac. Asoc. de Persoas con Discapacidade de
Ourense
Rúa Recaredo Paz, 1
32005 – OURENSE

Asunto: modificación xunta directiva

En relación coa súa solicitude, partícipolle que se procedeu a modificación da xunta directiva da denominada **“FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE DISCAFIS-COGAMI” (1989/9-2ª)** do termo municipal de Ourense.

Xúntolle a resolución.

Ourense, 27 de abril de 2016

A xefa do Servizo de Xestión
Técnico-Administrativa e Interior



Mª Luz Fernández Quintas



Asunto: Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 15 de abril de 2016 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por D/Dona LAURA QUINTAS LORENZO en nome e representación da **federación DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE DICAFIS-COGAMI**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 1989/000009-2ª, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 17/03/2016, na que consta a identidade dos dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTA	LAURA QUINTAS LORENZO
VICEPRESIDENTE	FERNANDO JOSÉ JIMÉNEZ ZULLIANE
SECRETARIA	MONICA LIMIA ANDRADE
TESOUREIRO	MANUEL NOVOA PÉREZ
VOGAL	MONICA ALVAREZ SAMPRIMITIVO
VOGAL	AMELIA BELMONTE ESPADA
VOGAL	LUCIA CARDERO IGLESIAS
VOGAL	CONSTANTINO GUZMÁN RODRÍGUEZ
VOGAL	ROSA IGLESIAS DE DIOS

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. O xefe/a Territorial de Ourense é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da federación DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE DICAFIS-COGAMI de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 27 de abril de 2016

O xefe/a Territorial

Manuel Pardo Cid

